

TEST PARA DETECTAR O GRAO DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO IES ILLA DE SARÓN DE XOVE

Que é a violencia de xénero?

Segundo a Lei 11/2007 a violencia de xénero é calquera acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada."

A día de ho xenégase a existencia da violencia de xénero, mais cómpre termos claro que existe e que contén un abano de tipos de violencia de xénero: física, psicolóxica, económica, sexual, acoso sexual e mesmo tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, isto é una labazada ou matar a una muller é a expresión máxima da violencia, mais o control sobre a vida da muller tamén é violencia de xénero.

Cómpre distinguir entre violencia de xénero e violencia doméstica.

A violencia de xénero existe porque existe violencia contra a muller polo mero feito de ser muller, mentres que a violencia doméstica é a que se dá no seo da casa (DOMUS=CASA), entre home/muller; muller/home; pai/nai-fillo/filla; fillo/-a-pai/nai,... mais a violencia contra a muller permítea a nosa sociedade patriarcal..

"A violencia de xénero é un problema que traspasa fronteiras e que está presente na maior parte dos países do mundo."

A discriminación das mulleres e a violencia de xénero (como a manifestación máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes) é un problema que traspasa fronteiras e que está presente na maior parte dos países do mundo coa particularidade de que as vivencias do maltrato son enormemente parecidas en todos os países e culturas.

Os maltratadores son selectivos no exercicio da violencia, o que demostra que son capaces de controlarse en calquera outra situación.

Secretaría Xeral de Igualdade

Baseándonos na *"Historia de Pepe y Pepa"* de Carme Ruíz Repullo, que ten traballado no Instituto da Muller de Andalucía impartindo numerosas charlas sobre a violencia de xénero entre adolescentes, elaboramos unhas preguntas que lles pasaremos ao alumnado do IES ILLA DE SARÓN DE XOVE para detectar e, de ser o caso, previr e deter posibles situacións de violencia de xénero, que estean a padecer ou que axuden a paliar e erradicar.

test para



a violencia de xénero



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES Illa de Sarón
Agramonte s/n, 27870 Xove
Tel: 982 870 973 Fax: 982 80 982
ies.illadesaron.xove@edu.xunta.es



para as rapazas

		NON	ÁS VECES	SI
1	Recibiches “piropos” inocentes na rúa pola túa forma de vestir, de camiñar ou polo teu aspecto?			
2	Algunha vez te humillaron ou insultaron por xogar ao fútbol ou calquera outro deporte con outros rapaces?			
3	Algunha vez sentiches empurróns ou tiróns de pelo nas escaleiras do instituto?			
4	Algunha vez recibiches un golpe coa excusa de que era xogando?			
5	Algunha vez o teu compañeiro ou mozo intentou que non xogases cos teus amigos/-as durante o recreo?			
6	O teu mozo algunha vez intentou impedir que non foses ao cine coas túas amigas?			
7	Algunha vez o teu rapaz pediuche que lle enviases unha foto antes de saíres da casa para ver como ías vestida, maquillada, etc?			
8	Algunha vez intentou impedir que non realizases a túa actividade preferida e che pediu que o acompañases ou que quedases con el?			
9	Pediuche que non foses con algún familiar ou amizade e que o acompañases a el a algún lugar?			
10	Envíache “was” continuamente para saber con quen estás e onde te atopas?			
11	Contrólache cantos cartos gastas e en que os gastas?			
12	Contrólache o móbil e as redes sociais que segues?			
13	Pediuche que lle deses os teus contrasinais do móbil ou das redes sociais con calquera tipo de excusa?			
14	Sentes que o teu mozo ten celos cando falas con algún amigo?			
15	Díxoche que se quería saber de ti en cada momento é porque te quere?			
16	Díxoche algunha vez que se o deixabas, morrería ou sería capaz de facer unha loucura?			
17	Fixo que te sentises inferior ou inútil ao burlarse do teu xeito de pensar ou de actuar?			
18	Percibes que se ri do teu comportamento ou dos teus comentarios diante dos amigos/-as?			
19	Díxoche algunha vez que calases diante das amigas/-os?			
20	Intenta sobreprotexerte, dun xeito especial, cando estás coas túas amigas?			
21	Compárate con algunha outra amiga súa ou ex parella?			
22	Cando te atopas con outras compañeiras/-os, el queda con cara ou xesto estraño, ou mesmo chega a facerche algún comentario despectivo cando estades a soas?			
23	Notas que o teu mozo cambia de humor ou que se enfada con facilidade se non respondes a súa chamada?			
24	Despois dunha discusión con el, pídeche perdón, regálache algo ou mesmo che pide ir a algún lugar como ao cine, pasar a tarde xuntos, etc?			
25	Intentas compracer todo aquilo que che pide o teu mozo aínda que a ti non che apeteza demasiado, co fin de que non se enfade?			
26	Deixou de falarche durante un tempo para “castigarte” por algo que lle dixeches ou fixeches facéndote sentir culpable?			
27	Chantaxéate para que lle envíes fotos privadas de carácter sexual?			
28	Ameázate con publicar fotos privadas que compartiches con el?			
29	Sentícheste coaccionada a darlle un bico sen ti queres?			
30	Díxoche que se non che apetecía ou non estabas preparada para manter relacións sexuais era porque non o querías o suficiente?			
31	Obrigoute a manter relacións sexuais ou ameazoute con romper a relación de non acceder?			
32	Es consciente de que algunha vez a túa parella enviase fotos túas ou comentarios sobre ti a través das redes sociais ou whatsApp?			
33	Consideras que exercer a prostitución é porque a prostituta ten moito “vicio”?			
34	Consideras que se unha rapaza queda embarazada ten que aguantar e non pode pensar no aborto como unha saída a esa situación?			

Se o teu semáforo se puxo vermello



nalgunha resposta, PERIGO! Podes pedir consello e axuda ao profesorado, ao equipo directivo ou ao de Orientación.

E xa sabes que o teléfono 016 tamén está para axudarche. É gratuito e non queda rexistro da chamada.

para os rapaces

		NON	ÁS VECES	SI
1	Píropeaches a algunha rapaza na rúa pola súa forma de vestir, de camiñar ou polo seu aspecto?			
2	Algunha vez humillaches ou insultaches a unha rapaza por xogar ao fútbol ou calquera outro deporte con outros rapaces?			
3	Algunha vez empurraches ou lle tiraches do pelo nas escaleiras do instituto a unha moza?			
4	Algunha vez lle deches unha labazada a unha rapaza coa excusa de que estabas xogando?			
5	Algunha vez intentaches impedirlle a túa moza que non xogase cos súas amigas/-os durante o recreo?			
6	Algunha vez intentaches impedir que non fose ao cine coas súas amigas?			
7	Algunha vez lle pediches a túa moza que che enviase unha foto antes de saír da casa para ver como ía vestida, maquillada, etc?			
8	Algunha vez impediches que non realizase a súa actividade preferida e lle pediches que te acompañase ou que se quedase contigo?			
9	Pedícheslle que non fose con algún familiar ou amizade e que te acompañase a algún lugar?			
10	Envíaslle “was” continuamente para saber con quen está e onde se atopa?			
11	Controlas cantos cartos gasta e en que os gasta?			
12	Contrólaslle o móbil e as redes sociais que segue?			
13	Pedícheslle que che dese os seus contrasinais do móbil ou das redes sociais con calquera tipo de excusa?			
14	Sentes celos cando fala con algún amigo?			
15	Dixécheslle que se querías saber dela en cada momento é porque a queres?			
16	Dixécheslle algunha vez que se te deixaba, morrerías ou serías capaz de facer unha loucura?			
17	Intentas facer que se sinta inferior ou inútil ou búrlaste do seu xeito de pensar ou de actuar?			
18	Riste do seu comportamento ou dos seus comentarios diante dos amigos/-as?			
19	Dixécheslle algunha vez que calase diante das amigas/-os?			
20	Intentas sobreprotexela, dun xeito especial, cando está coas súas amigas?			
21	Compárala con algunha outra amiga túa ou ex parella?			
22	Cando se atopa con outras compañeiras/-os, quedas con cara ou xesto estraño, ou mesmo chegas a facerlle algún comentario despectivo cando estades a soas?			
23	Cambias de humor ou enfádaste con facilidade se non responde a túa chamada?			
24	Despois dunha discusión con ela, pídeslle perdón, regálaslle algo ou mesmo lle pides ir a algún lugar como ao cine, pasar a tarde xuntos, etc?			
25	Intentas que te compraza en todo aquilo que lle pides a túa moza aínda que a ela non lle apeteza demasiado, co pretexto de non enfadáreste?			
26	Deixas de falarlle durante un tempo para “castigala” por algo que che dixo ou fixo facéndoa sentirse culpable?			
27	Chantaxéala para que che envíe fotos privadas de carácter sexual?			
28	Ameazas a túa parella con publicar fotos privadas que compartiu contigo?			
29	Coaccionáchela a darche un bico sen ela querer?			
30	Dixécheslle que se non lle apetecía ou non estaba preparada para manter relacións sexuais era porque non te querías o suficiente?			
31	Obrigáchela a manter relacións sexuais ou ameazáchela con romper a relación de non acceder?			
32	Enviaches algunha vez fotos da túa parella ou comentarios sobre ela a través das redes sociais ou whatsApp?			
33	Consideras que exercer a prostitución é porque a prostituta ten moito “vicio”?			
34	Consideras que se unha rapaza queda embarazada ten que aguantar e non pode pensar no aborto como unha saída a esa situación?			